



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


**Decembro 2023**

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2024

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Decembro 2023


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia un descenso do 0,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 4,3 puntos á do mes de novembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 0,7%, taxa 1,2 puntos inferior á do mes anterior.
- En once comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de decembro.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1,5% e en España un 1,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran taxas positivas no emprego no mes de decembro.
- Na media do ano 2023, o indicador rexistra un incremento do 3,2% en Galicia e do 2,4% en España.
- O persoal ocupado aumenta un 1,1% en Galicia e un 1,9% en España no conxunto do ano 2023.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia un descenso do 0,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 4,3 puntos á do mes de novembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 0,7%, taxa 1,2 puntos inferior á do mes anterior.



O *Comercio*, cunha taxa do -2,3%, resta 1,6 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* incrementan a súa facturación o 3,1% e suman 0,8 puntos á taxa de variación do índice xeral. En España a facturación no *Comercio* diminúe o 2,8% mentres que nos *Outros servizos* aumenta o 3,6%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* diminúe o 4,3%, co que resta 2,0 puntos a taxa de variación do índice xeral, e a *Venta e reparación de vehículos de motor* reduce a súa facturación o 4,4%. Pola contra, o *Comercio ao retalho* aumenta o 3,9%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 9,0% fronte ao incremento do 11,6% da *Venta e reparación de vehículos de motor* e do 5,8% do *Comercio ao retalho*.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 3,1%. Todos os grandes sectores rexistran taxas positivas agás o *Transporte* (-3,8%). Os maiores incrementos danse en *Hostalería* (15,5%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (15,9%).

En España, os *Outros servizos* crecen o 3,6%. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás o *Transporte* (-0,9%). O maior incremento acádase en *Hostalería* (10,4%).

Na media do ano 2023, o índice xeral crece un 3,2% en Galicia, máis que en España (2,4%). Os sectores que máis inflúen neste crecemento en Galicia son o *Comercio por xunto* (3,3%), o *Comercio ao retallo* (5,9%) e a *Hostalería* (16,1%). En España, os maiores crecementos rexístranse en *Venta e reparación de vehículos de motor* (16,5%) e *Hostalería* (10,7%).

## 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 3,2% no mes de decembro.

Os maiores incrementos rexístranse en *Hostalería* (15,0%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (11,5%); obsérvanse taxas negativas en *Comercio* (-0,9%) e *Transporte* (-3,6%).


No conxunto do ano, o índice amosa un crecemento do 5,7%. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (-0,3%) e *Transporte* (-0,2%); o maior incremento obsérvase na *Hostalería* (16,0%).

## 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 1,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 4,4%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



#### 1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de decembro a cifra de negocios aumenta en once comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores crecementos danse en Extremadura (10,8%) e Illes Balears (8,5%). As comunidades onde máis diminúe a cifra de negocios son Madrid (-6,0%) e Aragón (-3,6%).

No ano 2023, en media, todas as comunidades rexistran taxas positivas agás Madrid (-2,2%). Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (13,3%), Asturias (7,9%) e La Rioja (7,1%).

## Índices de cifra de negocios. Decembro 2023

### Taxa de variación en %




## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,5% respecto ao mes de decembro de 2022, menos que en España (1,8%).

O persoal ocupado crece un 0,8% no *Comercio* e un 2,1% nos *Outros servizos*. Os maiores incrementos danse en *Hostalería* (4,6%) e *Información e comunicacións* (3,3%). Os sectores onde diminúe a ocupación son *Transporte* (-0,3%) e *Venta e reparación de vehículos de motor* (-0,1%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. Os maiores crecementos rexístranse en *Información e comunicacións* (3,4%) e *Transporte* (2,7%).



No acumulado de ano, o emprego aumenta un 1,1% en Galicia e un 1,9% no conxunto do Estado.

En Galicia, os maiores incrementos rexístranse en *Comercio por xunto* (2,3%), *Información e comunicacións* (2,6%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (3,0%). En senso contrario, pérdese persoal en *Transporte* (-0,9%) e *Venta e reparación de vehículos de motor* (-2,0%). A nivel nacional, os maiores crecementos danse en *Transporte* (3,0%) e *Información e comunicacións* (4,0%). O único sector que reduce o seu persoal é *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-0,2%).


## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas rexistran taxas positivas no emprego no sector servizos no mes de decembro. As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (3,1%) e Canarias (3,1%). As taxas máis baixas obsérvanse en Cantabria (0,8%) e Extremadura (0,8%).

Na media do ano, os maiores incrementos do emprego danse en Illes Balears (5,7%) e Canarias (3,2%). A única comunidade que perde persoal ocupado é Cantabria (-0,1%).

## Índices de persoal ocupado. Decembro 2023

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.



## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Novembro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>170,4</b>	<b>-5,1</b>	<b>3,6</b>
<b>Comercio</b>	<b>166,9</b>	<b>-5,9</b>	<b>4,8</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	144,2	4,0	9,1
Comercio por xunto	182,0	-9,6	4,0
Comercio ao retalho	134,2	5,8	6,1
<b>Outros servizos</b>	<b>180,4</b>	<b>-2,9</b>	<b>0,7</b>
Transporte	239,4	-8,9	-4,4
Hostalería	110,1	11,3	16,2
Información e comunicacións	153,5	9,7	1,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	174,4	-5,9	4,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	126,5	12,2	8,1
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>151,5</b>	<b>0,5</b>	<b>2,7</b>
<b>Comercio</b>	<b>155,5</b>	<b>-1,9</b>	<b>0,9</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	168,3	16,4	17,0
Comercio por xunto	160,8	-8,5	-4,5
Comercio ao retalho	140,9	8,5	9,2
<b>Outros servizos</b>	<b>144,2</b>	<b>5,7</b>	<b>6,5</b>
Transporte	145,5	-0,2	0,8
Hostalería	111,9	8,1	10,7
Información e comunicacións	139,7	8,3	6,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	179,9	9,0	9,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	136,7	7,0	9,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Novembro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	158,0	0,1	6,0
Comercio	159,0	-2,5	5,5
Transporte	200,9	-6,5	0,1
Hostalería	117,2	11,5	16,1
Información e comunicacións	156,6	11,0	2,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	163,5	-16,2	-0,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	126,9	10,3	3,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.**  
**Novembro 2023**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
<b>ESPAÑA</b>	<b>151,5</b>	<b>0,5</b>	<b>2,7</b>
Andalucía	147,7	4,8	6,6
Aragón	149,3	1,1	2,6
Asturias	153,5	12,8	8,2
Baleares, Illes	118,7	6,7	13,6
Canarias	143,4	5,4	7,2
Cantabria	156,6	3,6	4,7
Castilla y León	140,8	2,6	3,8
Castilla-La Mancha	163,1	6,4	6,5
Cataluña	144,7	1,9	3,8
Comunitat Valenciana	151,8	2,3	2,6
Extremadura	151,5	3,9	4,8
<b>GALICIA</b>	<b>170,4</b>	<b>-5,1</b>	<b>3,6</b>
Madrid	159,3	-3,3	-1,8
Murcia	151,2	3,8	4,9
Navarra	154,2	-5,3	1,1
País Vasco	149,8	-2,5	2,3
Rioja, La	170,5	10,1	7,0

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Novembro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>111,0</b>	<b>1,6</b>	<b>1,1</b>
<b>Comercio</b>	<b>112,0</b>	<b>1,4</b>	<b>1,3</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	95,0	0,0	-2,1
Comercio por xunto	127,0	2,6	2,4
Comercio ao retalho	106,9	0,8	1,1
<b>Outros servizos</b>	<b>110,1</b>	<b>1,8</b>	<b>1,0</b>
Transporte	103,2	-0,2	-0,9
Hostalería	100,5	2,6	1,3
Información e comunicacións	121,3	3,6	2,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	116,5	2,2	3,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	120,0	1,5	0,1
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>112,6</b>	<b>2,0</b>	<b>1,9</b>
<b>Comercio</b>	<b>110,5</b>	<b>1,8</b>	<b>1,7</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	107,4	1,5	1,4
Comercio por xunto	116,0	1,7	1,7
Comercio ao retalho	107,5	2,0	1,8
<b>Outros servizos</b>	<b>114,0</b>	<b>2,1</b>	<b>2,1</b>
Transporte	115,4	3,1	3,1
Hostalería	103,4	2,8	2,6
Información e comunicacións	124,9	3,2	4,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	115,1	2,1	2,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	119,8	0,3	-0,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.**  
**Novembro 2023**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>112,6</b>	<b>2,0</b>	<b>1,9</b>
Andalucía	109,4	1,8	1,8
Aragón	109,6	2,2	0,7
Asturias	108,5	2,8	1,4
Balears, Illes	106,5	3,2	5,9
Canarias	110,7	2,7	3,3
Cantabria	106,5	0,5	-0,2
Castilla y León	103,9	1,4	0,9
Castilla-La Mancha	113,2	1,6	1,8
Cataluña	115,4	1,5	1,5
Comunitat Valenciana	114,6	1,7	1,1
Extremadura	110,3	0,9	1,3
<b>GALICIA</b>	<b>111,0</b>	<b>1,6</b>	<b>1,1</b>
Madrid	116,0	2,8	2,9
Murcia	120,2	2,6	2,2
Navarra	111,9	2,4	1,7
País Vasco	108,2	1,2	1,5
Rioja, La	111,2	2,0	1,6

Fonte:NE